

Proxecto PLAMBE

CEIP de Refoxos 2020-21



1. XUSTIFICACIÓN

Este curso tomamos a determinación de presentar proxecto de mellora de bibliotecas no CEIP de Refoxos por varios motivos, sendo o fundamental a mellora da calidade educativa do noso alumnado, reforzado na idea de avogar por unha educación práctica e cooperativa que precisa dun espazo inspirador para atender as demandas tanto do alumnado, coma do resto da comunidade educativa. Fomentar metodoloxías activas e colaborativas que garantan o traballo e desenvolvemento das competencias clave e modulen o enfoque metodolóxico impulsando novas prácticas educativas, amosando especial atención á compensación das dificultades de aprendizaxe e alumnado ANEAE presente no centro. Con todo comezamos a traballar neste proxecto coa documentación reunida na seguinte dirección: <https://padlet.com/refoxosdecine/a8o5hvfj02dkyvbs>.

Da lectura da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), no seu artigo 113 fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e acceso á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares permitirá o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa. Dando conta da biblioteca como factor indiscutible da calidade educativa do centro.

A maiores, está no noso horizonte formar ao alumnado como usuarios de biblioteca atendendo á nova realidade das mesmas, unha biblioteca ampla en espazos e recursos que fomente o traballo das competencias, traballo en equipo, creatividade, autoaprendizaxe, alfabetización informacional mediática e fomento da lectura, tendo como meta integralos de xeito paulatino no modelo de biblioteca do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal, centro de adscrición do noso alumnado para proseguir a etapa de secundaria. Pretendemos favorecer a transición ao novo centro formando usuarios competentes

neste modelo de biblioteca impulsado en “*A quinta dos libros*”, coordinando actividades e coñecendo a súa metodoloxía para traballar na mesma liña e facilitar a súa adaptación.

A maiores o concello de Oia non ten biblioteca pública, o alumnado debe desprazarse ao Rosal para poder optar a este servizo. Con este proxecto compensaremos esta carencia ofertando un servizo de calidade para toda a comunidade educativa, sabendo ademais, que a agrupación do alumnado no CPI, emprega un criterio de proximidade domiciliaria para definir os grupos e aulas, sendo o noso centro un lugar idóneo como punto intermedio para a comunidade educativa que oferte espazo e recursos para o traballo, contando co proxecto Edixgal no vindeiro curso que oferte melloras no acceso a Internet e recursos dixitais para toda a comunidade educativa en horario de tarde, compensando as desigualdades e dificultades constatadas durante o traballo telemático do último trimestre escolar.

Neste curso invertimos gran parte do orzamento do centro na mellora do espazo da biblioteca, asesorándonos co grupo de traballo V1901087 e PFPP V1931039 Planificación estratéxica das linguas no CEIP de Refoxos e V1905059 e PFPP V1931039 Planificación do Proxecto lingüístico do CEIP de Refoxos Grupo de traballo de 30 horas e V1905060 e PFPP V1931039 Organización e xestión da biblioteca escolar Grupo de traballo de 20 horas relativo a bibliotecas. O relator do curso foi Francisco César Díaz Rey e asesoría do CFR de Vigo. Froito deste PFPP comezou a transformación integral da biblioteca, mellora do espazo, expurgo en positivo do catálogo, dotación de equipamento informático novo, creación de espazos e maker e puntos de lectura e lugar de exposición de traballos e proxectos. Formación que daremos continuidade o vindeiro curso para perseguir a mellora iniciada. Froito deste traballo podemos ver as melloras no *Anexo I* coa memoria fotográfica da evolución da biblioteca.

2. BREVE DESCRIPCIÓN DAS NECESIDADES MÁIS URGENTES EN MATERIA DE EQUIPAMENTO E COLECCIÓN

O CEIP de Refoxos pertence ao concello de Oia, comarca do Baixo Miño, enclavado na montaña da serra da Groba. A poboación é rural, espallada en pequenos núcleos de poucos habitantes comuni-

cados por sinuosas estradas. O nivel económico é medio baixo, adicado ao sector primario, Kiwi, sector forestal e agricultura. Para traballar noutros sectores deben desprazarse a concellos limítrofes.

Este centro ten a peculiaridade de ser un colexio con pouco alumnado, 38 alumnos/as no curso 19-20, repartidos en aulas mixtas, unha de infantil e tres de primaria. Conta cun claustro de cinco profesores, dous con praza definitiva, o cargo directivo en comisión de servizos, dous interinos e tres profesores itinerantes un día á semana. O centro conta cun espazo reformado para a biblioteca e almacén, aulas para as tutorías, un aula de ciencias e plástica, ximnasio, aula da natureza e fermosa zona exterior para tempo de lecer e deporte. O equipamento tecnolóxico e recursos do centro son limitados pero en proceso de actualización co plan Edixgal. Ver [Anexo II](#) co plan de autoavaliación.

A **transformación arquitectónica** da biblioteca consistiu na colocación de tarima, creación dun escenario, pintado das paredes, creación de puntos de lectura e traballo en equipo, retiramos as portas do armario e creamos espazos amplos. Reubicamos dos puntos de acceso a internet e enchufes. A pretensión é mellorar a iluminación e teito, duplicar o espazo coa eliminación dun tabique que anexe outra aula e cabina para radio. Para iso contamos coa disposición do concello de Oia para elaborar un estudio integral e posterior proxecto de mellora da biblioteca no centro.

En canto ao **mobiliario** compráronse especificamente dúas estanterías e unha mesa de traballo, o demais son mobles reutilizados non homoxéneos, sendo necesario adquirir mobiliario específico para crear os puntos de lectura, de traballo grupal e lectura individual, pufs, mesas e cadeiras e zona de ordenadores. Pretendemos incorporar rodas ás estanterías para conseguir espazos dinámicos.

No tocante ao **catálogo** estamos inmersos nun expurgo en positivo iniciado en colaboración co alumnado. Comezamos retirando os 4.094 documentos rexistrados en MEIGA para o almacén e será reintegrado na biblioteca coa catalogación e sinalética única da CDU. Redactaremos o protocolo de expurgo e adquisición de material. Revisar o equilibrio da colección e a súa distribución na biblioteca e almacén; dinamizar os fondos e botar man dos recursos aportados polo CFR; dinamizar o OPAC

MEIGA e recursos dixitais, renovación do material impreso adaptado ós proxectos e PDI “*De poza en poza por Loureza*”, Ver *Anexo III*.

Recursos dixitais, adquirimos dúas tablets e asignouse un equipo portátil para xestión da biblioteca; xogos e material de construción para crear espazos maker. Impulsaremos os recursos co plan Edixgal e agardamos un proxector que foi dado de baixa pola UAC. Precisamos instalar tres equipos informáticos, instalar un sistema de audio, microfonía e beebots ou escornabots.

Visibilidade, ten escasa visualización posto que está na fase de transformación. A pretensión é de crear cortizas informativas, sinalética que fomenta a autoxestión do espazo e recursos adaptada á CDU e creación dunha páxina específica da biblioteca, a mascota da mesma e difundila nas redes e web do colexio para favorecer a participación de toda a comunidade educativa.

3. OBXECTIVOS

3.1. De carácter xeral:

1. Contribuír a unha aprendizaxe de alta calidade, integrando a competencia lectora, literaria, tratamento da información, dixital, aprender a aprender e multialfabetización como eixes da aprendizaxe do alumnado onde se traballe o uso continuado de fontes informativas diversificadas, lectura crítica e o uso eficaz e responsable da información.

2. Acceso inclusivo e igualitario da comunidade educativa aos bens culturais, con independencia do estrato económico e cultural de procedencia.

3. Fomentar a lectura e acceso á información en diferentes soportes para a aprendizaxe de todas áreas e materias facendo un desenvolvemento sustentable, coherente, innovador e constante dos servizos bibliotecarios en apoio dos demais programas de centro.

4. Integración das tecnoloxías da comunicación que a sociedade vai desenvolvendo, os espazos maker e a innovación educativa.

5. Deseño dun Proxecto Documental Integrado con un tratamento lonxitudinal e un enfoque interdisciplinario para toda a comunidade educativa, “*De poza en poza por Loureza*”.

3.2 Obxectivos específicos

Valor e integración no centro

- Crear un orzamento concreto anual para a mellora dos servizos da biblioteca.
- Crear o Proxecto de Biblioteca como eixe director dos demais plans de centro.
- Establecer un calendario de reunións cada dúas semanas para revisión e xestión.
- Realizar unha formación de usuarios que inclúa a toda a comunidade educativa.

Accesibilidade

- Duplicar o espazo da biblioteca anexando a aula contigua eliminando un tabique.
- Mercar mobiliario novo: mesas de traballo, cadeiras, pufs e estanterías novas.
- Colocar rodíns ás estanterías para ter unha biblioteca modular adaptable.
- Mercar tres equipos informáticos novos.
- Rematar o expurgo en positivo da colección e dispoñela nas estanterías.
- Crear unha páxina con recursos online seguros para o traballo diario.
- Implantar a CDU como sistema de catalogación e sinalética único na biblioteca.
- Dinamizar os fondos mediante pequenos proxectos no expositor de novidades.
- Crear as bibliotecas de aula para dar apoio ás aprendizaxes das áreas de estudo.
- Ampliar a utilización da biblioteca regulada nos recreos e horarios de tarde.

Visibilidade

- Destinar unha cortiza no corredor principal para as novidades da biblioteca.
- Buscar unha sinalización que fomente a autoxestión do alumnado e familias.
- Crear unha cortiza de difusión de novidades, boletíns e recursos na sala de mestres.
- Crear unha páxina para difusión das novas que atinxan á biblioteca para toda a comunidade educativa e integrala na web do centro.
- Formar novos usuarios, tanto no alumnado como nas familias.
- Deseñar actividades, cursos e talleres que impliquen a participación das familias.

- Compartir os documentos de traballo online no Padlet, <https://padlet.com/refoxosdecine/a8o5hvfj02dkyvbs> e google drive.

Análise de necesidades e oferta de servizos

- Difundir a utilización do buzón de suxerencias ubicado na entrada do centro.
- Crear enquisas en google para familias e profesorado que aporten información para a mellora dos servizos da biblioteca.
- Difundir na páxina da biblioteca a información interesante con regularidade.
- Asociar a páxina da biblioteca na web do centro e difundila en redes sociais.
- Rematar o expurgo en positivo dos libros do almacén.
- Equilibrar a colección conseguindo o 60% información e 40% de ficción.
- Ofertar recursos e actividades a toda a comunidade educativa para a consecución dos obxectivos de cada área, conmemoracións e proxectos.
- Ofertar un espazo de comunicación e difusión de actividades na comunidade educativa.

Adecuación dos recursos documentais

- Definir os libros de consulta que precisamos para compensar a colección.
- Reducir e expurgar en positivo aqueles libros de ficción menos interesantes.
- Suscribirse a publicacións de prensa ou revistas impresas ou dixitais.
- Crear e dinamizar espazos MAKER para a experimentación.
- Mercar recursos novos que den resposta ao *PDI* e do Plan de Biblioteca.
- Definir o Proxecto Documental Integrado “*De poza en poza por Loureza*” ao inicio de curso e marcar as datas de revisión e exposición do mesmo.
- Difundir o PDI “*De poza en poza por Loureza*” entre a comunidade educativa.
- Coordinarse co CFR para a utilización das maletas temáticas en préstamo.

Coodinación pedagóxica

- Definir o equipo de biblioteca e as súas funcións específicas, deseño de actividades, xestión técnica e difusión da información.

- Establecer un calendario de reunións cada dúas semanas co equipo de biblioteca.
- O equipo de biblioteca informará na comisión de coordinación pedagóxica, claustros e consello escolar da actividade da biblioteca.
- Impulsar a utilización da biblioteca para toda a comunidade educativa con actividades, proxectos e recursos atractivos.
- Definir os criterios de expurgo e nova adquisición de fondos.

Competencias en lectura e escritura

- Crear talleres de lectura e escritura.
- Coordinarse cos diferentes equipos do centro: EDNL, Complementarias, TIC e dar soporte con recursos e no deseño e organización de actividades.
- Continuar coa dinamización do momento lector.
- Crear exposicións de libros e proxectos libres do alumnado.
- Introducir a linguaxe de programación nun punto de traballo da biblioteca que incorpore un espazo para robótica e programación en Scratch.
- Definir conxuntamente o itinerario lector de centro.
- Crear unha colección de libros interesantes para préstamo de familias.
- Dinamizar os novos recursos e fondos dentro da biblioteca, nas aulas e nas redes.
- Crear un expositor de novidades.

Competencia dixital, en información e para aprender a aprender

- Dar forma ao Proxecto Documental Integrado "*De poza en poza por Loureza*".
- Adquirir novos recursos para o traballo do PDI "*De poza en poza por Loureza*".
- Orientar coordinadamente os obxectivos e traballo do Plan TICs.
- Integrar os recursos Edixgal na biblioteca.

Competencia social e cidadá

- Diseñar actividades nas que o alumnado traballe en equipo e incorporar actividades que supoñan un servizo á comunidade.

Usos e usuarios

- Actualización das NOF da biblioteca e espazos anexos da biblioteca.
- Formación inicial dos usuarios na biblioteca física e recursos dixitais.
- Difundir as actividades para impulsar a utilización da biblioteca.
- Mellorar os espazos maker coa adquisición de novo material e recursos.
- Empregar o MEIGA para o rexistro dos préstamos e progresivamente o autocoñecemento do programa que cree un equipo de voluntarios na biblioteca.
- Crear bibliotecas de aula seguindo o plan de dinamización de fondos.
- Dinamizar os lectómetros nas bibliotecas de aula.
- Crear a nova mascota implicando ao alumnado no deseño.
- Difundir e recopilar a información das enquisas de biblioteca.
- Dotar de material creativo os recunchos de traballo da biblioteca.
- Crear un hospital de libros que fomente a reciclaxe e bo uso dos recursos.

Planificación e avaliación

- Definir e completar a planificación anual do Plan de Biblioteca.
- Manter o equipo de biblioteca buscando maior variedade nos perfís de traballo.
- Establecer un equipo de apoio.
- Analizar as memorias previas como documento de partida.
- Empregar as enquisas para a mellora constante da biblioteca.
- Definir novas enquisas para deseñar un plan de mellora constante.
- Identificar os perfís lectores do alumnado, profesorado e familias.

Equipo de traballo

- Liberar dúas horas do/a responsable de biblioteca.
- Revisar as actividades de formación ofertadas pola XUNTA para a súa difusión.
- Continuar no PFPP e equipo de traballo de dinamización de biblioteca e actualización do proxecto lingüístico.
- Dinamizar a comisión de bibliotecas coa participación da comunidade educativa.

Comunidade profesional

- Facer unha visita guiada á biblioteca do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal.
- Manter contacto e coordinación coa biblioteca pública do Rosal.
- Solicitar os M-bot ou Escornabots para o traballo de alfabetización informacional.

Pontes coa comunidade

- Dinamizar proxectos coa comunidade de montes contextualizados na zona.
- Participar e difundir as actividades ofertadas dende o concello ou organismos da contorna entre toda a comunidade educativa.
- Crear un carnet para usuarios externos ao colexio.

Ver [Anexo IV](#) coa táboa de planificación e seguimento do proxecto de biblioteca.

4. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO

A persoa proposta para a coordinación deste programa é Alfonso Muñiz Varela.

O **equipo de biblioteca** confórmano a totalidade do claustro. Debido ás características particulares do noso centro, onde soamente contamos con cinco docentes a tempo completo, e tres itinerantes todos participaremos no proxecto e no equipo de apoio. As reunións do equipo de biblioteca integrarán os diferentes plans do centro. A finalidade é acadar unha coordinación eficaz e conexión no deseño e posta en marcha de todos os programas e proxectos ao longo do curso cun eixe común na súa planificación, obxectivos, avaliación e propostas de mellora. Mencionando tamén a elaboración dun Proxecto Documental Integrado “*De poza en poza por Loureza*”.

A coordinación supervisará todas as reunións que se celebrarán regularmente cada dúas semanas e extraordinariamente cando así o requira o funcionamento do centro. Para axilizar o traballo deste equipo haberá tres funcións básicas distribuídas entre os membros do equipo como son:

* **Planificación.** Require de preparar as reunións para anticipar os puntos a tratar e a proposta de tarefas, proxectos e ideas a realizar durante todo o curso. Unha vez organizada xa é o equipo ao

completo o que colabora no deseño final dos proxectos, obradoiros ou calquera actividade. Ademais, inicialmente, farase unha reunión para deseñar un Proxecto Documental Integrado “*De poza en poza por Loureza*” fixando prazos de revisións e exposición do produto final.

* **Xestión técnica.** Encárgase do acondicionamento de espazos, catalogación de recursos, decoración e sinalética da mesma, xestión de recursos, dinamización dos fondos, expurgo e adquisición de novos recursos.

* **Difusión.** Trata de actualizar o catálogo de recursos da biblioteca dixital, actualización das páxinas da biblioteca, difusión e dinamización dos fondos polas aulas, creación logotipo, “mascota”, da biblioteca e utilización da mesma para a súa como imaxe corporativa, contacto cos demais axentes e organismos, filtro das novas, boletíns, recursos de interese e aplicación de enquisas para a recollida de datos e mellora dos servizos.

O horario, tanto do responsable como do equipo, partirá da asignación do máximo número de horas para a dinamización do proxecto, tres semanais, sabendo que en moitos dos casos esta función estará condicionada á realización das gardas do centro dada a escasa liberdade horaria que non garante unha dedicación exclusiva a labores de dinamización dentro do horario escolar.

Durante a formación de usuarios integramos ao alumnado na **comisión de biblioteca**, para facelos participes na toma de decisións da mesma. Asemade intentaremos facer a formación de usuarios para as familias a inicio de curso, dando a oportunidade de colaborar na toma de decisións e xestión técnica e impulsar a utilización da biblioteca.

A **avaliación** e revisión dos obxectivos e propostas de mellora do plan de biblioteca realizarase trimestralmente valorando a información recollida nas enquisas e buzón de suxestións. Estas propostas serán plasmadas na memoria trimestral, coincidente cos tres procesos de avaliación.

Proseguiremos co **grupo de traballo e PFPP**, Planificación estratéxica das linguas, Planificación do Proxecto Lingüístico e Organización e xestión da biblioteca escolar relativo a bibliotecas.

Así se fai constar no *Anexo VI e VII* deste programa onde establece o o compromiso de dirección, claustro e consello escolar, e conformidade de impulsar e cumprir coa planificación descrita neste proxecto PLAMBE.

5. ACTUACIÓNS PREVISTAS NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1 Xestión técnica e organización. Estableceremos un 30% do gasto anual do orzamento para funcionamento da biblioteca. Xestionaremos o novo horario de apertura da biblioteca antes descrito. Remataremos a sinalización única dos recursos seguindo a CDU e rexistro para préstamo en MEIGA previa revisión e expurgo. Estableceremos nominativamente as funcións do equipo de biblioteca. Revisaremos o plan de biblioteca con estatísticas, enquisas e propostas de mellora de toda a comunidade educativa. Identificaremos con estes datos os perfís lectores para potenciarlos.

5.2 Formación para o uso, tratamento e produción de información. Dinamizar a liña de tempo no corredor do centro para documentación histórica. Creación e presentación de contidos dixitais e impresos, textos creativos persoais. Participar nos concursos e certames literarios.

5.3 Formación de usuarios. Usos e usuarios. Formación de usuarios para alumnado e familias dirixida polo propio alumnado. Establecer as normas e directrices da biblioteca no espazo físico e dixital, OPAC. Crear o hospital de libros. Fomentar o autoempresito en MEIGA. Mellorar a sinalética

5.4 Programas de formación para a competencia informacional e mediática. Asignaturas de libre configuración que impulsen a alfabetización informacional. Programar talleres de búsqueda segura e riscos de internet, “Novas falsas”... Traballar as infografías do timbre musical.

5.5 Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros. Deseño e desenvolvemento do **Proxecto Documental Integrado** a inicio do curso “*De poza en poza por Loureza*”. Axudar na planificación de proxectos puntuais, supermercado de aula, creación de tangram, compostaxe, talleres de cociña...

5.6 Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias. Competencias en lectura e escritura. Crear guías de lectura. Axudar no deseño dos itinerarios lectores. Planificar contacontos, concursos e exposicións que dinamicen a vida da biblioteca. Dinamizar as

mochilas viaxeiras. Crear bibliotecas de aula temporais movendo o catálogo da biblioteca. Ofertar recursos para compensar as desigualdades lectoras do alumnado no tempo de lectura. Crear fondos e unha colección de libros específicos para atención á diversidade e dificultades lectoras. Proponer recursos para coloquios sobre libros, club de lectura, teatro e escenificación ou exposicións dixitais dos libros utilizados por parte do alumnado.

5.7 Apoio ao desenvolvemento do proxecto lector de centro. Seleccionar os recursos para impulsar as propostas po proxecto lector. Crear espazos para exposicións das actividades realizadas polo alumnado. Aportar as guías lectoras e recursos dixitais que se dinamizarán mediante a páxina do centro e mochilas viaxeiras. Informar ao claustro e comunidade educativa dos recursos e propostas deseñadas para fomento de lectura.

5.8 Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro. Crear talleres de dinamización de roles, traballo en grupo e habilidades sociais e de comunicación e talleres de mediación en coordinación co Plan de Convivencia. Solicitar a liña de actuación 1 Refórzate dos Contratos Programa. Planificar actividades e ofertar material para o Proxecto Deportivo e Escolas Verdes e Monte Vivo.

5.9 Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade. Crear recunchos de traballo con material de reforzo para alumnado con aneas. Buscar recursos dixitais de reforzo la lectura, competencia matemática e habilidades de comunicación. Coordinar talleres co equipo de orientación e AL. Crear grupos de traballo fóra do horario escolar para atender ao alumnado con necesidades específicas.

5.10 Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos. Competencia dixital, en información e para aprender a aprender. Multialfabetización con linguaxe de programación e robótica Scratch e Beebots. Edición de audio, vídeo e imaxe dixital para crear de curtametraxes, Podcasts ou contidos dixitais. Exposicións e presentacións dixitais. Lectura e búsquedas do tesouro hipertextuais. Traballar o cine e radio con curtametraxes e programa de radio.

5.11 Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca. Crear cortizas informativas, sinalética que fomenta a autoxestión do espazo e recursos adaptada á CDU e creación dunha páxina específica da biblioteca promocionada na Web e redes. Crear a nova mascota. Difundir o catálogo da biblioteca nas redes, OPAC. Difundir boletíns e actividades realizadas á comunidade educativa nas redes.

5.12 Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas. Pontes coa comunidade. Crear obradoiros dentro da biblioteca que impliquen a toda a comunidade. Dinamizar e expoñer as tarefas do alumnado dentro da biblioteca. Voluntariado para a xestión técnica e planificación de proxectos. Crear un carnet para persoas externas ó centro.

5.13 Outros. Utilizar os recursos ofertados polo CFR e outras bibliotecas.

6 . HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 a 14:00	Cada curso escollerá dúas horas semanais como mínimo para traballo na biblioteca e permanecerá aberta nos recreos.				
Mediodía permanece pechada.					
15:30 a 16:30	Docente 1	Voluntariado		Docente 3	
16:30 a 17:30	Docente 2	Voluntariado		Docente 4	

A biblioteca coordinará a súa apertura de tarde para non solaparse coas actividades extraescolares ofertadas dende o colexio como amosa o horario atendida polo profesorado e o martes por voluntariado que teña realizada a formación de usuarios. Durante a xornada lectiva permanecerá aberta as cinco horas, con asignación mínima de dúas horas semanais cada aula, e apertura nos recreos.

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación parte da revisión da **rúbrica**, extraída do documento de avaliación “Bibliotecas escolares entre interrogantes”, ferramenta de autoavaliación, e preguntas guía de autoavaliación das bibliotecas, presente no [Anexo V](#), Refoxos entre interrogantes. **Enquisas** con formularios google apli-

cados a toda a comunidade educativa tomando como referencia os presentes na web de bibliotecas para [profesorado](#) e [alumnado](#) adaptados ás nosas necesidades. O **buzón de suxerencias e baterías de preguntas** coas propostas de mellora da comunidade educativa como as seguintes.

Escribe as túas propostas para mellorar...

O PFPP, (para profesorado)

Os espazos e puntos de lectura

O mobiliario

Catálogo e colección da biblioteca

Equipos e recursos

Talleres e obradoiros

Charlas e exposicións

Proxectos e actividades

Participación na vida da biblioteca

A **recollida de datos precisos** facémola coa seguinte táboa analizando os datos estatísticos do Meiga, rexistro de visitas nas redes, participación en concursos, etc, seguindo esta táboa.

Estatística de funcionamento	Curso 20-21
Número de usuarios en horario lectivo	
Número de usuarios en horario non lectivo	
Número de préstamo persoal a alumnado	
Número de préstamo persoal a profesorado	
Número de préstamo persoal á comunidade educativa	
Cantidade de premios ou mencións por participar en concursos e certames	
Cantidade de actividades dinamizadas dende biblioteca	
Cantidade de mochilas viaxeiras creadas	
Cantidade de charlas e contacontos realizados	
Cantidade de talleres e obradoiros realizados	
Cantidade de exposicións voluntarias	

Cantidade de usuarios formados entre o alumnado	
Cantidade de usuarios formados entre familia e usuarios da comunidade educativa	
Items expurgados/Rexistrados	
Libros e folletos	
Material audiovisual	
Recursos dixitais	
Visitas na páxina da biblioteca	
Publicacións de traballos	

Criterios de avaliación deseñados para a valoración da aplicación do Plan de Biblioteca.

- * Mellora das habilidades ALFIN (busca, tratamento e comunicación da información).
- * Desvincula a lectura do feito académico.
- * Avanzan nas habilidades de lectoescritura.
- * Empréganse os recursos tics con suficiencia.
- * Existe implicación e apoio do profesorado ao proxecto de biblioteca.
- * Aplícase innovación educativa na posta en marcha dos proxectos.

Os datos obtidos, xunto coa avaliación dos obxectivos plantexados na **táboa de planificación**, revísanse trimestralmente, coincidentes cos procesos de avaliación e serán plasmadas nas memorias trimestrais e final, favorecendo unha adaptación permanente e constante do proxecto inicial.